



outubro
5^o congreso
estatal
de educadoras e
educadores sociais

Nº 9 | Outubro 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

O “V CONGRESO ESTATAL DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS” VISTO POR NÓS

Eran as 13:00 h. da mañá do mércores, 26 de setembro, cando un grupo de educadoras sociais: Sandra, María, Rocío e Diego, saímos da nosa oficina situada en Rodríguez de Viguri e emprendimos unha viaxe que prometía ser unha grande aventura. Esperábanos unhas 7 horas de camiño ata chegar ao noso destino: TOLEDO, onde se celebraría o V Congreso Estatal de Educadoras e Educadores Sociais nos seguintes tres días (27, 28 e 29 de setembro de 2007).

O camiño de ida fíxose bastante ameno pois, ademais de turnarnos para conducir, fomos facendo varias paradas: para comer, merendar.

Por fin chegamos ao noso destino: o Hotel Beatriz, sobre as 21:30 h., onde xa había un número considerable de persoas, que conforme ían pasando as horas, ía aumentando.

Unha vez ubicadas nas distintas habitacións, decidimos ir a cear para así aproveitar e coñecer un pouco a cidade. Chamounos moito a atención o deserto que estaban esas rúas cando aínda non eran as 23:00 h, coa súa dificultade para encontrar un sitio para cear. Despois de tomarnos unhas tapas, demos unha voltia pola impresionante zona vella e, a descansar, que o día seguinte prometía!

O xoves, 27 de setembro, foi un día de benvidas e presentacións. Foi a partires deste día cando empezamos a sentir unha mestura de sensacións, que comezaron coa ponencia do noso compañeiro e amigo Diego, que se encargou de compartir, con todas as participantes do congreso, o que somos Xeneme, dende os seus comezos en 1998, como iniciativa empresarial.

Estivemos presentes en cada un dos distintos espazos, xa que, ao día seguinte, o venres 28, sería María a que presentase unha comunicación: -Marusía, a violencia ailla e destrúe- no marco do eixo I (Desenvolvemento profesional dende as administracións públicas e a iniciativa privada) con toda esa suma de nervios do momento pero con esa claridade e dozura que nos fixo emocionarnos a cada unha de nós, independentemente de que estivésemos ou non en Toledo.

Xa no último día, e como peche das comunicacións do espazo aberto, estaría Sandra amosando o programa -Sexibilízate: Programa de Educación Afectivo Sexual de Santiago de Compostela-, con esa mestura de gracia e seguridade que a caracteriza. Tamén falou do Centro Quérote, e sabedes cómo se di en castelán?

A verdade é que todos os días foron vividos con moita intensidade e emoción, compartidos con todas as que estabamos, sen esquecermos das compañeiras que quedaron en Santiago pero que estiveron pendentes do que pasaba en Toledo en todo momento.

Todo isto foi vivido con todas as persoas que durante estes días fomos coñecendo e coas que, sen dúbida, compartimos ideas, diálogos, puntos de vista, reflexións e, sobre todo, momentos en común; porque o congreso foi moito máis que as horas de ponencias, comunicacións, grupos de traballo: foron momentos de concerto de música de cámara, visita guiada pola cidade, comidas, cafés, ceas, festa, coñecer, vivir e compartir todo isto con cada un e unha de vós foi un gran pracer!

María Barreiro Domínguez
Rocío Cea Martínez
Sandra Rodríguez Quintáns
XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL, S.L.L.
11 de outubro de 2007

ACTUACIONES REALIZADAS

- ✓ Envío de carta aos Decanos das Facultades de Ciencias da Educación das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo (Campus de Ourense) na que amosamos a disposición da nosa entidade para cooperar en canto sexa posible no desenvolvemento do deseño da nova titulación de Educación Social, como consecuencia da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- ✓ Envío de escrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e á Secretaría Xeral de Igualdade, achegándolle copia da sentenza xudicial favorable ao CEESG, referente á convocatoria de proceso selectivo da categoría Educador/a / profesor/a especial por promoción interna e cambio de categoría, que establece que o requisito de titulación para o acceso a esta categoría é a diplomatura en Educación Social ou habilitación do CEESG.
- ✓ Asistencia ao *I Foro Profesional de Acción Cultural*, organizado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 20 de outubro. Asistiu Pablo Montero Souto, Vogal do CEESG.
- ✓ Participación o día 22 de outubro nunha tertulia radiofónica de RadioVoz, sobre a integración social da poboación xitana. Asistiu Alfonso Tembrás López, Vicepresidente do CEESG.
- ✓ Designación de Pablo Montero Souto como representante do CEESG no Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales, para as xestións relacionadas coa adaptación da titulación de Educación Social ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- ✓ Entrevista sobre Educación Social concedida ao diario ABC por Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Vogal do CEESG e Presidente do Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales. Publicada no diario ABC do 22 de outubro.
- ✓ Visita, o día 22 de outubro, ao Centro *Quérote*, como seguimento dunha das actuacións realizadas polo CEESG (solicitud de contratación de educadoras/es sociais) e para ofrecer ao centro a nosa colaboración. Asistiu Alfonso Tembrás López, Vicepresidente do CEESG.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases específicas da convocatoria de proceso de selección de persoal funcionario de carreira para o acceso á praza vacante de educador social en procedemento de consolidación de emprego temporal do Concello de Cambre, publicadas no BOP de A Coruña de 4 de agosto de 2007. Solicítase o dereito dos habilitados e habilitadas polo CEESG a participar no procedemento selectivo.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases específicas da convocatoria de proceso de selección de persoal funcionario de carreira para o acceso á praza vacante de dinamizador cultural en procedemento de consolidación de emprego temporal do Concello de Cambre, publicadas no BOP de A Coruña de 4 de agosto de 2007. Solicítase que a titulación requirida para participar no procedemento selectivo sexa a diplomatura en Educación Social ou estar habilitada/o polo CEESG.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases para a contratación como persoal laboral temporal-educador familiar, publicadas no xornal *La Voz de Galicia*, edición de Santiago, de 17 de setembro de 2007. Solicítase que entre as titulacións a esixir para o acceso ao procedemento selectivo se estableza a diplomatura en Educación Social ou habilitación do CEESG.
- ✓ Recurso de reposición contra a convocatoria e as bases específicas para a provisión en réxime laboral temporal dun posto de Educador/a Social a xornada completa para o plan de desenvolvemento xitano de 2007, publicadas no xornal *La Voz de Galicia* de 17 de outubro de 2007. Solicítase que o requisito mínimo para o acceso á categoría de Educador/a Social sexa estar en posesión da diplomatura en Educación Social ou estar habilitado/a polo CEESG.
- ✓ Designación de vogais para formar parte do tribunal de selección da praza de Educador/a Social convocada polo Concello de Cambre (BOP de A Coruña de 4 de agosto de 2007). Désígnase a M^a José Caride Delgado (Vogal do CEESG) como titular e a M^a José Fernández Barreiro (Presidenta do CEESG) como suplente.

NOVAS PUBLICACIONES DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- GALLI, J e VIERO, F.: *El fracaso en la adopción. Prevención y reparación*. Editorial Grupo 5.
- PEREIRA, A.B.: *Retrato en blanco y negro*. Editorial Grupo 5.
- MEIL LANDWERLIN, G. (2006): *Padres e hijos en la España actual*. Colección Estudios Sociales, nº 19. Obra Social Fundación La Caixa.
- FLAQUER, LL., ALMEDA, E. e NAVARRO, L. (2006): *Monoparentalidad e infancia*. Colección Estudios Sociales, nº 20. Obra Social Fundación La Caixa.
- SOLÉ, C., PARELLA, S. e CAVALCANTI, L. (2007): *El empresario inmigrante en España*. Colección Estudios Sociales, nº 21. Obra Social Fundación La Caixa.
- Revista "Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa". Nº 36. Maio-Agosto 2007. Monográfico *La red como contenido y forma de trabajo*. Fundación Pere Tarrés.
- Periódico "Entre Mayores". Nº 72. Outubro 2007.
- Boletín "Aldizkaria" Nº 144. Outubro 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Revista "UDP". Nº 218. Setembro-Outubro 2007. Unión Democrática de Pensionistas y Jubilados de España.
- Revista "Noticias de UNICEF". Nº 200. Outubro 2007. UNICEF. Comité Español.
- "Boletín de UNICEF". UNICEF. Comité Autonómico de Galicia.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social". Nº 234. Outubro 2007.
- *Potenciando en empleo. Incentivos a la contratación laboral de personas con discapacidad*. Fundación ONCE.
- Revista "Educar(NOS)". Grupo Milani.
- Revista "Ágora de los Mayores de Caixa Galicia". Nº 2.
- Periódico "Infoxove". Nº 18. Outubro 2007. Xunta de Galicia

ARTIGO DE INTERESE: EDUCACIÓN ESPECIAL

Moitas educadoras e educadores sociais estamos implicados no ámbito laboral da **Educación Especial**. Pero as nosas funcións e competencias profesionais seguen sendo difusas, polo que é necesario que se clarifique e dignifique a nosa labor. A grandes rasgos, algúns dos puntos que a priori poderían destacarse para mellorar son:

1. Redacción das funcións das/os educadoras/es sociais orientando estas funcións cara o ámbito educativo e non asistencial.
2. Recoñecemento da función docente e das horas lectivas que levamos a cabo nalgúns momentos.
3. Inclusión das/os educadoras/es sociais no claustro escolar, como parte do recoñecemento desta función docente. Deste xeito poderíamos decidir sobre asuntos que nos afectan directamente.

4. Inclusión do/a educador/a social en todos aqueles centros que traballen con discapacitados psíquicos e/ou físicos.

Co obxecto de analizar estes asuntos e recoller novas ideas para facelas chegar á administración correspondente, convocamos aos profesionais da Educación Social vinculados aos Centros de Educación Especial o próximo **sábado, 24 de novembro ás 10:00 h.** na sede do CEESG.

Rogamos que as persoas interesadas acudan a este encontro confirmando previamente a súa asistencia. Se non fora posible a asistencia de todas as persoas interesadas, convidámosvos a colaborar enviando propostas por correo electrónico a ceesg@colexioeducadores.com.

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS

CURSO DE PREPARACIÓN DE OPOSICIÓN

Centro Estudio Oposiciones preparará un curso específico para a preparación das oposicións ás prazas ofertadas polo CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR (12 prazas de Técnicas/os en Igualdade e 12 prazas de Técnicas/os do Plan Integral de Apoio ás Familias).

Características do curso:

- ✓ O curso deseñouse para ser realizado en 12 semanas.
- ✓ Entregaranse ao alumno todos os temas desenvolvidos segundo a convocatoria do Consorcio.
- ✓ Prepáranse as dúas probas: desenvolvemento de tema e supostos prácticos.
- ✓ Inicio do curso: Primeira quincena de novembro de 2007.
- ✓ Prezo do curso: 454 € Sobre este importe aplicarase un **desconto do 12% ás persoas que estean colexiadas no CEESG**. Colexiadas/os: 399 €(o prezo inclúe o temario)
- ✓ Preparación en Pontevedra e Santiago.

Máis información:

Centro Estudio Oposiciones.
Teléfono de contacto: 981 597329 / 981 935510
academia@centroestudio.com / ww.centroestudio.com

OUTROS CURSOS

CURSO DE FORMADOR DE MONITORES EN TÉCNICAS GRUPAIS PARA A PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS, VIH-SIDA E SEXUALIDADE

Organiza: Asociación MADRO de Nais en Defensa de Xóvenes Drogodependentes.

Lugar: Vigo.

Datas e horario: do 26 ao 28 de novembro de 2007, de 9:00 a 14:00 h.

Prazo de inscrición: ata o 15 de novembro.

Prezo: gratuíto.

Información e inscricións: Asociación MADRO.
Tel.: 986 20 88 74 / 986 24 79 74.

I CONGRESO INTERNACIONAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Organiza: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia.

Lugar e datas: Santiago (Auditorio de Galicia), 15, 16 e 17 de novembro de 2007.

Prazo de inscrición: ata o 10 de novembro.

Información e inscricións: Secretaría Técnica.
Tel.: 981 93 53 46

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Sober (Lugo): Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2007. Unha praza de Técnico Local de Emprego. BOP de Lugo de 13/10/07.

Conorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: Convocatoria de proceso de selección de persoal laboral temporal de persoal técnico do Plan integral de apoio á familia (12 prazas de técnicos de apoio á familia) e do Plan de igualdade de oportunidades (12 prazas de técnicas/os de igualdade) para os equipos comarcais de igualdade e benestar do consorcio. DOG de 24/10/07 e web www.igualdadebenestar.org.

Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña):

Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Educador familiar e unha praza de Técnico de Cultura-OMIX. Ábrese o prazo de solicitude de participación no proceso selectivo. BOE de 26/10/07.

Concello de Guitiriz (Lugo): Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2007. Unha praza de Técnico de Emprego. DOG de 24/10/07 e BOP de Lugo de 27/10/07.

OUTROS

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes. DOG de 18/10/07.



Recorda: Rexistrándote na páxina web www.colexioeducadores.com terás acceso unha área privada na que poderás consultar información e seccións só dispoñibles para colexiadas/os. Ademais, poderás darte de alta no servizo de **AVISOS ON-LINE**, a través do que recibirás información destacada no teu correo electrónico que polo seu axustado prazo non pode ser incluída neste boletín. Para recibir correctamente este servizo debes introducir unha dirección de correo electrónico válida cando te rexistres. Rexistrándote na web tamén poderás solicitar a creación dunha conta de correo electrónico co dominio ceesg.org.